



Concello de Vigo Contratación

CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DO PROXECTO DE
“ACONDICIONAMENTO DO MERCADO DO PROGRESO”

1.- **Entidade adjudicadora:** a) **Organismo:** Concello de Vigo; b) **Dependencia que tramita o expediente:** Mercados; c) **Obtención de documentación e información:** Oficina de Contratación do Concello de Vigo, Pza. de El Rey s/n 36202 Vigo, teléfono (986) 810148, Fax: (986) 226206. **Correo electrónico:** contratacion@vigo.org **Dirección de Internet do perfil do contratante:** www.vigo.org. **Data límite para solicitar documentación:** ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións; d) **Número de expediente:** 1213-106.

2.- **Obxecto do Contrato:** a) **Tipo:** Obras; b) **Descrición:** a realización das obras precisas para a posta en funcionamento do Mercado do Progreso e recollidas no “Proxecto de acondicionamento do Mercado do Progreso”. c) CPV: 45400000-1; d) **División por lotes e número de lotes;** non. e) **Lugar de execución:** Concello de Vigo; f) **Prazo de execución:** 3 meses.

3.- **Tramitación e procedemento:** a) **Tramitación:** Urxente; b) **Procedemento:** Aberto. c) **Criterios de adjudicación:** os consignados no apartado 8 das FEC do prego de cláusulas administrativas particulares.

4.- **Presuposto base de licitación:** Importe total 1.226.197,57 euros. (I.V.E. engadido)

5.- **Garantías esixidas.** a) **Provisional:** non se esixe. b) **Definitiva:** 5% do importe do contrato excluído o IVE.

6.- **Requisitos específicos do contratista:** a) **Clasificación:** si, grupo C, subgrupo 6, categoría c e grupo J, subgrupo 1, categoría c. b) **Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional:** a esixida no apartado 6) das follas de especificación do contrato (FEC).

7.- **Presentación de ofertas:** a) **Data límite de presentación:** o prazo finalizará ós 13 días seguintes ó de publicación do presente anuncio no BOP e no DOG; b) **Lugar de presentación:** Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. de El Rey s/n, 36202 Vigo; c) **Admisión de melloras:** Non; d) **Prazo do deber de mante-la oferta:** dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

8.- **Apertura de Ofertas:** a) **Dirección:** Casa do Concello de Vigo, Pza. de El Rey s/n, 36202 VIGO; b) **data e hora.** Anunciarase no perfil do contratante do Concello de Vigo (www.vigo.org).

9.- **Gastos de Publicidade:** Pagaráos o adjudicatario ata a cantidade de 1.000 euros.
BBR/gr

Vigo, 17 de novembro de 2014
O concelleiro delegado Contratación

David Regades Fernández